

CONTRATACIÓN

7

Demetrio Fernández López

Inspector de Trabajo e Seguridade Social

Índice

Capítulo 7. CONTRATACIÓN	3
7.1. Introducción	3
7.2. Modalidades contractuais	9
7.2.1. Contrato eventual por circunstancias da produción	9
7.2.2. Contrato de obra ou servizo	12
7.2.3. Contrato de interinidade	13
7.2.4. Contrato para a formación e a aprendizaxe	15
7.2.5. Contrato en prácticas	16
7.2.6. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación	18
7.2.7. Contrato de relevo e xubilación parcial.....	19
7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente	21
7.2.9. Contratos indefinidos ordinarios (bonificados e non bonificados)	24
7.2.10. Contratos indefinidos bonificados.....	25
7.2.11. Contratos convertidos en indefinidos	26
7.2.12. Contratos indefinidos para persoas con discapacidade	28
7.2.13. Contratacións a colectivos especiais	29
7.2.14. Adscricións en colaboración social.....	32
7.2.15 Prórrogas	32
7.3. Contratación a persoas traballadoras estranxeiras	34
Conclusións da contratación.....	35
7.4. Empresas de traballo temporal.....	36

Capítulo 7. CONTRATACIÓN

7.1. Introducción

No pasado ano, comezaba o capítulo facendo referencia á crise motivada pola COVID 19 e a súa incidencia en todas as variables do mercado de traballo e por suposto en materia de contratación. A declaración do estado de alarma polo RD 463/2020, do 14 de marzo, a limitación da actividade empresarial, as restricións á mobilidade e a asunción das recomendacións sanitarias tiveron un impacto notable en todas as variables da economía e do mercado de traballo. O ano 2021 supón unha certa recuperación da normalidade, que se reflicte en todas as variables e de xeito particularmente intenso en materia de contratación.

Se no ano 2020 baixaba en máis de seis millóns o número de contratos celebrados no conxunto do Estado respecto do ano anterior, sendo a baixada no caso de Galicia en máis de trescentos mil contratos, no ano 2021 volven as cifras a pautas de subida e medra o número en 3.242.532 contratos máis no Estado e 168.994 máis en Galicia. Por provincias, A Coruña cunha suba de máis de 71.000 e Pontevedra cunha suba de máis de cincuenta e nove mil son as que máis reflicten o ascenso. Por sectores, o sector servizos encabeza a suba, seguido de industria e construción.

Se atendemos ás empresas de traballo temporal, tamén experimentan un forte ascenso da súa actividade cunha suba do 45,84% nos contratos de posta a disposición celebrados. En canto ao número de persoas traballadoras con contratos rexistrados nos servizos públicos de emprego por ETT, suben nun 17,2%.

O contrato de traballo constitúe o núcleo esencial da relación laboral. Asinado entre a empresa e a persoa traballadora, en virtude del, a persoa traballadora comprométese a prestar uns servizos, por conta da empresa, baixo a súa dirección, percibindo a cambio unha retribución.

Dentro da regulación da contratación, o Estatuto dos traballadores (ET) establece no seu artigo 16 que as empresas están obrigadas a comunicar á Oficina de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentárase copia do contrato para o seu rexistro e, se non existe a devandita obriga, presentárase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de Emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un número de rexistro non implica que reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **contratos iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, **conversión en indefinidos** doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en prorrogas de contratos que finalizaron a duración inicial.

Contratos iniciais:

1-Indefinido (bonificados/non bonificados): é o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo (Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real decreto-lei 10/2011, Real decreto-lei 1/2011, Real decreto lexislativo 2/2015).

2-Indefinido para persoas con discapacidade: contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (RD 1451/1983, modificado por RD 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa duración é temporal (art. 15 do ET, RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

4-Eventual por circunstancias da produción: contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado (art. 15 do ET, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

5-Interinidade: contrato de duración temporal para substituír unha persoa con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial (art. 15 do ET, Real decreto-lei 11/1998, RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

6-Temporal para persoas con discapacidade: contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade (RD 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación da persoa traballadora á que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevo, que se asina con quen se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: para persoas traballadoras desempregadas que substitúan outras que anticipan a idade de xubilación nun ano (RD 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato en prácticas: destinado a completar a formación de persoas traballadoras con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente (art. 11 do ET, R.D. 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

11-Contrato para a formación e a aprendizaxe (formación): destinado a mozas e mozos de 16 a 24 anos (ata que a taxa de desemprego se sitúe por baixo do 15%, pódese celebrar con menores de 30 anos), para a adquisición da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto (art. 11 do ET, Lei 3/2012, RD 1529/2012).

12-Outros contratos: son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís etc. Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, teñen algún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade fosen emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que, ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden porque nese caso produciríase unha duplicidade, dado que o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade

- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prórrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa tipoloxía. Son as seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial
-

No cadro 7.1, que recolle os contratos de traballo e os contratos convertidos en indefinidos Galicia/España 2020-2021, pódese observar que o número total de contratos en 2021 ascende respecto do ano anterior en 3.242.532, fronte a baixada do ano anterior que fora de 6.367.879 contratos no conxunto do Estado, e suben en Galicia en 168.994 cando en 2020 baixaran en 336.903 contratos. Este ascenso obsérvase en todas as modalidades contractuais, especialmente intenso nos contratos eventuais.

Cadro 7.1

Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións colaboración social. Galicia/España. 2020-2021

	Total España 2021	%	Total Galicia 2021	%	Total España 2020	%	Total Galicia 2020	%
Indefinido ordinario (bonif./ non bonif.)	1.226.736	6,62	44.188	5,07	930.046	5,98	35.622	4,97
Indef. fomento da contratación indefinida								
Persoas con discapacidade	8.740	0,04	598	0,07	6.467	0,04	478	0,07
Obra ou servizo	6.998.685	37,82	275.310	31,56	6.241.088	40,17	247.494	34,54
Eventual	8.683.539	46,92	457.107	52,39	6.777.227	43,63	351.569	49,07
Interinidade	1.347.942	7,28	80.636	9,24	1.188.747	7,65	71.886	10,03
Temporal persoas con discapacidade	22.213	0,12	1.600	0,18	16.235	0,10	1.191	0,17
Relevo	8.275	0,04	254	0,03	7.147	0,05	265	0,04
Xubilación parcial	22.874	0,12	860	0,10	19.451	0,12	738	0,10
Substitución xubilación 64 anos	620	0,00	17	0,00	692	0,00	26	0,00
Prácticas	80.080	0,43	4.082	0,47	51.387	0,33	3.218	0,45
Formación	30.672	0,17	3.431	0,39	24.637	0,16	1.289	0,18
Outros	76.118	0,41	4.344	0,50	65.941	0,42	2.542	0,35
Total contratos iniciais	18.506.494	100,0	872.427	100,0	15.533.964	100,0	716.513	100,0
Convertidos en indefinidos	877.865		45.787		609.097		32.704	
Adscricións en colaboración social	2.259				1.025		3	
Total contratos e adscricións	19.386.618		918.214		16.144.086		749.220	

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Nunha primeira observación podemos apreciar que continúa a tendencia de anos anteriores dunha gran rotación da poboación asalariada con contratos temporais. Por provincias, A Coruña é a provincia na que máis sube a contratación, seguida de Pontevedra. Nas catro provincias sube máis a contratación temporal que a indefinida.


Cadro 7.2

Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2020-2021


Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020
Duración temporal:										
Obra	119.959	107.306	24.440	21.445	24.635	22.164	106.276	96.579	275.310	247.494
Eventual	166.715	119.725	44.568	36.501	31.647	24.541	214.177	170.802	457.107	351.569
Interinidade	36.119	32.051	10.037	9.265	7.939	7.447	26.541	23.123	80.636	71.886
Temporal persoas discapacidade	574	373	141	130	160	105	725	583	1.600	1.191
Relevo	128	112	25	22	15	22	86	109	254	265
Xubilación parcial	354	306	129	65	50	56	327	311	860	738
Substitución	4	5	0	1	0	0	13	20	17	26
Prácticas	1.873	1.362	363	248	372	257	1.474	1.351	4.082	3.218
Formación	1.131	412	565	336	824	201	911	340	3.431	1.289
Outros	3.040	1.559	433	310	128	72	743	601	4.344	2.542
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	20.481	16.045	5.381	4.406	3.761	3.099	14.565	12.072	44.188	35.622
Indefinido fomento de emprego									0	
Persoas con discapacidade	247	180	76	65	47	45	228	188	598	478
Total contratos	350.625	279.436	86.158	72.794	69.578	58.009	366.066	306.079	1.042.935	716.513

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021

Distribución do total de contratos en Galicia. 2021



Evolución do total de contratos en Galicia




Se tomamos o sector económico como punto de comparación observamos, como é de esperar, que é o sector servizos o que concentra a maior parte do ascenso das contratacións, seguido a moita distancia pola industria, a construción, e no último lugar de volume de contratos rexistrados encontramos á agricultura e pesca.

Cadro 7.3

Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia. 2021

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	3.988	4.946	3.873	31.381	44.188
Indefinido persoas con discapacidade	18	81	47	452	598
Obra ou servizo	17.622	54.926	19.383	183.379	275.310
Eventual circunstancias produción	7.921	86.949	11.427	350.810	457.107
Interinidade	686	8.734	509	70.707	80.636
Temporal persoas con discapacidade	26	199	99	1.276	1.600
Relevo	0	74	6	174	254
Xubilación parcial	7	422	32	399	860
Substitución xubilación 64 anos	0	0	0	17	17
Prácticas	27	701	292	3.062	4.082
Formación	13	64	77	3.277	3.431
Outros contratos	12	31	6	4.295	4.344
Galicia	30.320	157.127	35.751	649.229	872.427

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



Por actividade económica, a hostalaría e a industria manufactureira son as dúas actividades nas que máis ascenso de contratación se produce, o que se corresponde co dato de que foran as que máis baixaran no ano anterior e que por grupo principal de ocupación, o maior volume de contratación dáse no grupo de persoas traballadoras dos servizos de restauración e comercio. No caso da hostalaría pasa de 100.735 contratos en 2020 a 143.954 en 2021.

Cadro 7.4

Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. 2021

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	9.508	6.460	2.875	11.477	30.320
B. Industrias extractivas	147	144	160	114	565
C. Industria manufacturera	46.301	13.037	13.455	78.431	151.224
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	223	5	10	85	323
E. Fornecemento de auga, actividades saneamento, xestión residuos e descontaminación	3.242	307	245	1.221	5.015
F. Construción	16.707	3.162	2.820	13.062	35.751
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	49.499	10.652	8.030	36.643	104.824
H. Transporte e almacenamento	32.070	5.855	4.427	68.816	111.168
I. Hostalaría	53.526	17.294	11.399	61.735	143.954
J. Información e comunicacións	14.052	543	516	8.186	23.297
K. Actividades financeiras e seguros	1.257	428	433	1.316	3.434
L. Actividades inmobiliarias	411	61	41	325	838
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	10.822	1.345	1.029	8.678	21.874
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	35.559	6.320	7.662	20.860	70.401
O. Administración pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	8.475	4.791	3.430	7.014	23.710
P. Educación	11.327	1.618	2.813	11.731	27.489
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	21.851	6.417	5.654	13.349	47.271
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	23.514	5.139	1.916	14.144	44.713
S. Outros servizos	6.928	1.195	1.188	5.564	14.875
T. Act. fogares como empregadores persoal doméstico, e como produtores bens e servizos uso propio	5.144	1.385	1.425	3.289	11.243
U. Actividades de organizacións e organismos extrateritoriais	62	0	50	26	138
Total	350.625	86.158	69.578	366.066	872.427

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Cadro 7.5

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. 2021

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos e xerentes	782	148	202	773	1.905
B. Técnicos e profesionais da saúde e o ensino	10.618	2.369	2.374	11.910	27.271
C. Outros técnicos, científicos e intelectuais	24.423	2.393	1.557	13.747	42.120
D. Técnicos profesionais de apoio	28.274	4.915	4.067	25.418	62.674
E. Empregados oficina non públicos	9.740	1.953	2.073	8.155	21.921
F. Empregados oficina públicos	12.767	2.087	1.867	12.255	28.976
G. Traballadores dos servizos de restauración e comercio	68.208	21.670	14.602	66.835	171.315
H. Traballadores dos servizos de saúde	24.457	7.502	5.679	17.375	55.013
I. Traballadores dos servizos de protección e seguridade	3.921	1.305	826	3.061	9.113
J. Traballadores cualificados na agricultura e gandería	3.237	2.092	569	4.232	10.130
K. Traballadores cualificados na construción	9.865	1.768	1.784	8.520	21.937
L. Traballadores cualificados das industrias manufactureras	28.762	6.549	4.212	22.613	62.136
M. Operadores de instalacións industriais de maquinaria	7.634	1.255	3.766	11.601	24.256
N. Condutores e operadores de maquinaria móbil	13.873	4.900	3.984	26.790	49.547
O. Traballadores non cualificados en servizos, agás transportes	46.636	10.579	9.086	35.058	101.359
P. Peóns de agricultura, pesca, construción, industria manufacturera	57.421	14.672	12.929	97.718	182.740
Q. Forzas armadas	7	1	1	5	14
Total	350.625	86.158	69.578	366.066	872.427

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021

7.2. Modalidades contractuais

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1. Contrato eventual por circunstancias da produción

Contrato de duración temporal, en xornada completa ou parcial.

O obxecto deste contrato é atender as esixencias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa (art. 15.1.b de ET, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

En 2021 Rexistráronse en Galicia 457.107 contratos eventuais fronte aos 351.569 de 2020.

Esta modalidade contractual segue sendo a máis utilizada e representa no ano 2021 o 46,92% a nivel estatal e o 52,39% dos contratos iniciais subscritos en Galicia, fronte ao 43,63% a nivel estatal e o 49,07% dos contratos iniciais subscritos en Galicia en 2020.

Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son máis contratados no grupo 30 a 39 anos (54.479 en 2020 e 67.505 en 2021) seguido do tramo dos maiores de 45 anos (55.546), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 56.801 no grupo de 30 a 39 anos e 55.544 para as maiores de 45 anos.


Cadro 7.6

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Segundo sexo, idade e provincias. Galicia. 2021**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	15.698	13.808	23.260	10.399	18.291	16.731	15.488	21.450	10.791	20.799	166.715
Lugo	4.600	3.949	6.114	2.897	5.107	4.352	3.579	5.962	2.745	5.263	44.568
Ourense	2.626	2.652	4.863	2.387	3.785	2.585	2.460	4.093	2.084	4.112	31.647
Pontevedra	20.447	18.221	33.268	16.723	28.463	16.707	15.949	25.296	13.733	25.370	214.177
Galicia	43.371	38.630	67.505	32.406	55.646	40.375	37.476	56.801	29.353	55.544	457.107

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, con 299.567 contratos no 2021, os máis concertados, seguidos dos de 1 a 3 meses con 94.997, os de 3 a 6 meses, e por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con 10.634 en 2021. Estas cifras reflicten un aumento de maior entidade nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a gran rotación laboral que se produce na comunidade galega cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais.

Cadro 7.7

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2021**

	Duración					Total
	<= 1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 meses		
A Coruña	103.916	38.260	20.710	3.829		166.715
Lugo	26.094	10.799	6.444	1.231		44.568
Ourense	17.545	8.131	4.913	1.058		31.647
Pontevedra	152.012	37.807	19.842	4.516		214.177
Galicia	299.567	94.997	51.909	10.634		457.107

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.





A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra 276.875 para a xornada completa e 180.232 para a xornada a tempo parcial. Se temos en conta a variable sexo, un 29,23% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 50,46% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada, sendo o noveno ano consecutivo no que é maior o número de contratos parciais realizados a mulleres que os concertados con homes. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi do 70,77% e dun 49,54% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina, aínda que neste ano incrementábase nos dous grupos.

Cadro 7.8

Contratos eventuais por circunstancias da produción. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. Decembro 2021

	Homes			Mulleres			Ambos os sexos		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	81.456	30.646	50.810	85.259	49.423	35.836	166.715	80.069	86.646
Lugo	22.667	6.454	16.213	21.901	10.668	11.233	44.568	17.122	27.446
Ourense	16.313	4.404	11.909	15.334	7.563	7.771	31.647	11.967	19.680
Pontevedra	117.122	27.939	89.183	97.055	43.135	53.920	214.177	71.074	143.103
Galicia	237.558	69.443	168.115	219.549	110.789	108.760	457.107	180.232	276.875

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



7.2.2. Contrato de obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, en xornada completa ou parcial, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitual, e cuxa duración, aínda que limitada no tempo, é incerta (art. 15.1 a ET, 2.1 RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

No ano 2021 rexistráronse en Galicia 275.310 contratos por obra ou servizo fronte aos 247.494 en 2020 e fronte aos 457.107 contratos eventuais por circunstancias da produción, que continúan en primeiro lugar igual que en anos anteriores.

Tendo en conta a variable sexo, no caso dos homes concertáronse un 58,53% e no das mulleres 41,47%. A maior porcentaxe relativa de contratación realízase no grupo de idade de 30 a 39 anos cun 26,06% e en >45 anos 28,89%.


Cadro 7.9

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	10.616	9.624	18.901	10.467	20.938	7.745	7.840	12.129	6.936	14.763	119.959
Lugo	2.972	2.082	3.234	1.312	3.285	2.189	1.849	3.014	1.459	3.044	24.440
Ourense	2.405	2.014	3.341	1.548	3.947	1.989	1.936	2.871	1.493	3.091	24.635
Pontevedra	8.787	8.903	17.694	8.960	20.133	5.960	5.793	10.570	6.374	13.102	106.276
Galicia	24.780	22.623	43.170	22.287	48.303	17.883	17.418	28.584	16.262	34.000	275.310

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Se temos en conta a duración do contrato, son os de duración incerta ou indeterminada os que representan unha maior porcentaxe, cun 80,50% en 2021 e un 79,99% en 2020, o que parece lóxico dada a non obrigatoriedade e o carácter orientativo da data de fin de contrato. Os seguintes en importancia, con 31.327 contratos, concertáronse por unha duración igual ou inferior a 7 días, o que reflicte unha rotación dunha gran importancia.

Cadro 7.10

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincias. Galicia. 2021

	Duración en meses									Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminada
A Coruña	14.949	958	866	2.376	1.710	2.166	107	102	171	96.554
Lugo	3.574	184	203	926	431	918	24	52	53	18.075
Ourense	1.980	171	274	1.095	508	1.104	27	15	26	19.435
Pontevedra	10.824	1.053	1.028	2.253	1.321	1.851	84	66	245	87.551
Galicia	31.327	2.366	2.371	6.650	3.970	6.039	242	235	495	221.615

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



Nesta modalidade contractual dáse unha maior porcentaxe de xornada a tempo completo, co 69,39%, fronte a un 30,61% de contratos a tempo parcial no ano 2021. Se a esta variable lle unimos a variable sexo, apréciase no caso dos homes un 79,38% para a xornada completa e un 20,62% para a parcial. Nas contratacións a mulleres séguese a tendencia xeral dunha maior contratación parcial neste colectivo con respecto aos homes, supoñendo un 55,29% de xornada completa e un 44,71% de parcial.

Cadro 7.11

**Contratos por obra ou servizo determinado.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2021**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	70.546	15.096	55.450	49.413	21.875	27.538	119.959	36.971	82.988
Lugo	12.885	3.824	9.061	11.555	6.049	5.506	24.440	9.873	14.567
Ourense	13.255	3.879	9.376	11.380	6.954	4.426	24.635	10.833	13.802
Pontevedra	64.477	10.431	54.046	41.799	16.153	25.646	106.276	26.584	79.692
Galicia	161.163	33.230	127.933	114.147	51.031	63.116	275.310	84.261	191.049

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



7.2.3. Contrato de interinidade

Este contrato ten por obxecto substituír unha persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, en xornada completa e parcial, ou cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva, así como substituír unha persoa en formación por unha beneficiaria de prestación por desemprego (art. 15.1c ET, art.4.1 de RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

En 2021 rexistráronse en Galicia 80.636 contratos de interinidade fronte aos 71.886 de 2020.

Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina segue a ser superior en 2021.


Cadro 7.12

Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.558	1.768	2.954	1.444	3.079	2.386	3.707	6.102	3.837	9.284	36.119
Lugo	297	390	718	317	660	709	868	1.823	1.264	2.991	10.037
Ourense	243	391	686	276	557	534	845	1.571	810	2.026	7.939
Pontevedra	1.035	1.339	2.607	1.288	2.303	2.045	2.845	4.652	2.718	5.709	26.541
Galicia	3.133	3.888	6.965	3.325	6.599	5.674	8.265	14.148	8.629	20.010	80.636

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección, o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 67,75% dos casos en 2020 e nun 69,88% en 2021. Os contratos menores de 7 días supoñen en 2021 un 12,70% e os que duran entre 15 días e un mes, un 5,34%.

Cadro 7.13

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia. 2021

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	6.170	1.912	2.001	1.306	809	163	9	6	18	23.725	36.119
Lugo	1.192	924	647	373	200	35	4	2	2	6.658	10.037
Ourense	1.039	357	426	310	143	41	4	4	0	5.615	7.939
Pontevedra	1.841	949	1.228	1.141	814	194	10	7	6	20.351	26.541
Galicia	10.242	4.142	4.302	3.130	1.966	433	27	19	26	56.349	80.636

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 68,90% en 2021 e un 31,10% os que foron a tempo parcial, cifras moi semellantes ás de 2020. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial, 20.731, fronte ao colectivo de homes, 4.342, aínda que se produce un aumento da parcialidade nos dous grupos.

Cadro 7.14

Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Decembro 2021

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	10.803	1.982	8.821	25.316	9.640	15.676	36.119	11.622	24.497
Lugo	2.382	322	2.060	7.655	2.334	5.321	10.037	2.656	7.381
Ourense	2.153	325	1.828	5.786	1.660	4.126	7.939	1.985	5.954
Pontevedra	8.572	1.713	6.859	17.969	7.097	10.872	26.541	8.810	17.731
Galicia	23.910	4.342	19.568	56.726	20.731	35.995	80.636	25.073	55.563

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021



7.2.4. Contrato para a formación e a aprendizaxe

Ten por obxecto a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída na empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo (art.11.2 ET, Lei 3/2012 e RD 1529/2012).

Os requisitos das persoas susceptibles de ser contratadas nesta modalidade son:

- Ser maior de 16 anos e non ter cumprido os 25 (poderán celebrarse con menores de trinta anos ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15%). O límite de idade non será de aplicación cando se trate de persoas con discapacidade e nos supostos de contratos celebrados con alumnas e alumnos participantes en proxectos de emprego e formación, nin cando se concerte con colectivos en situación de exclusión social.

- Non ter a titulación requirida para o contrato en prácticas nese posto ou oficio (art.11.2 a E.T e art. 6 RD 488/1998)


O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2020 foi de 1.289 e 3.431 en 2021.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos que en 2021 un 51,47% destes contratos concértanse con homes e un 48,53% con mulleres, continuando unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de homes que cambiara en 2019.

Cadro 7.15**Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2021**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	223	51	56	46	175	172	66	101	54	187	1.131
Lugo	80	45	53	28	141	68	21	46	25	58	565
Ourense	107	51	65	37	207	66	29	58	39	165	824
Pontevedra	177	63	44	25	92	171	52	97	44	146	911
Galicia	587	210	218	136	615	477	168	302	162	556	3.431

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021


Distribución por grupos de idade en ambos sexos

Un 97,12% en 2020 e un 97,41% en 2021 concértanse por un tempo igual ou inferior a 12 meses.

Cadro 7.16**Contratos de formación por duración e provincias. Galicia. 2021**

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	48	1.076	4	2	1	1.131
Lugo	6	557	2	0	0	565
Ourense	0	822	2	0	0	824
Pontevedra	13	887	9	0	2	911
Galicia	67	3.342	17	2	3	3.431

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021

Tempo de duración dos contratos**7.2.5. Contrato en prácticas**

Este contrato ten como finalidade a obtención de práctica profesional, a xornada completa ou parcial, axeitada ao nivel de estudos das persoas con titulación universitaria ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes que habiliten para o exercicio profesional (art.11 ET e 1.1 RD 488/1998, Lei 35/2010 e Lei 3/2012).

Este tipo de contrato alcanzou en 2021 os 4.082 concertos e 3.218 en 2020 (864 máis que o ano anterior).

Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 56,42% de homes e cun 43,58% de mulleres en 2021 e cun 54,29% de homes e cun 45,71% de mulleres en 2020. É un dos poucos contratos, xunto a formación e interinidade, onde o número de concertos é moi parecido en mulleres e en homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da maior presenza feminina.


Por grupos de idade, realizáronse maior numero de contratacións ao colectivo de menores de 25 anos con 2.130 contratos, seguido do colectivo entre 25 e 29 anos con 1.267 contratos.

Cadro 7.17

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	522	308	127	16	20	426	290	122	20	22	1.873
Lugo	149	54	20	3	4	56	47	23	5	2	363
Ourense	117	50	15	4	3	81	69	23	4	6	372
Pontevedra	501	251	96	16	27	278	198	78	12	17	1.474
Galicia	1.289	663	258	39	54	841	604	246	41	47	4.082

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.




Segundo a duración do contrato, os de duración igual ou inferior a 6 meses son maioría. Aqueles que alcanzaron a duración superior a 24 meses seguen, ao igual que en anos anteriores, a supoñer unha porcentaxe moi pequena, o 0,46% en 2020 e un 2,10% en 2021%.

Cadro 7.18**Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia. 2021**

	Duración en meses				mais de 24
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <24	
A Coruña	1.179	572	19	41	62
Lugo	236	115	1	4	7
Ourense	206	158	2	4	2
Pontevedra	925	501	8	25	15
Galicia	2.546	1.346	30	74	86

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



Tempo de duración dos contratos en prácticas

Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 78,51% celebrouse a xornada completa e o 21,49% a parcial.

Cadro 7.19**Contrato en prácticas. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2021**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	993	131	862	880	239	641	1.873	370	1.503
Lugo	230	23	207	133	30	103	363	53	310
Ourense	189	24	165	183	64	119	372	88	284
Pontevedra	891	192	699	583	174	409	1.474	366	1.108
Galicia	2.303	370	1.933	1.779	507	1.272	4.082	877	3.205

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

**7.2.6. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación**

Esta medida ten por finalidade a contratación de persoas inscritas como desempregadas en substitución daquelas que anticipen a súa idade ordinaria de

xubilación de 65 a 64 anos (art.1 e ss. RD 1194/1985) (Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011 e Lei 3/2012).

No 2021 en Galicia só se realizaron 17 contratos desta modalidade. Deles en 2 ocasións realizáronse a homes e en 15 a mulleres.

Centrándonos na duración, concertáronse todos por un período de 12 meses.

Cadro 7.20

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña			1	1			1	1			4
Lugo											0
Ourense											0
Pontevedra							3	8	2		13
Galicia	0	0	1	1	0	0	4	9	2	0	17

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Cadro 7.21

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos. Por duración e provincias. Galicia. 2021

	Duración en meses				Total
	12 meses	>12 e >18 meses	>18 e >24 meses	> 24 meses	
A Coruña	4	0	0	0	4
Lugo	0	0	0	0	0
Ourense	0	0	0	0	0
Pontevedra	13	0	0	0	13
Galicia	17	0	0	0	17

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

7.2.7. Contrato de relevo e xubilación parcial

É o que se concerta cunha persoa desempregada ou que estivese contratada pola empresa cun contrato de duración determinada para substituír parcialmente unha persoa traballadora da empresa que accede á xubilación parcial (Lei 14/2000 e Lei 3/2012).

A xubilación parcial da persoa substituída é aquela que se inicia despois de cumprir os 61 anos e ata o momento da xubilación total, que se combina cun contrato a tempo parcial e se encontra vinculada ao contrato de relevo. Para determinar a idade de xubilación téñense en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que correspondan (Lei 12/2001 e Lei 40/2007).

No ano 2020 asináronse en Galicia 265 contratos de relevo e 254 en 2021.

Segundo a actividade económica foi máis utilizado no sector servizos.

Por sexo e idade, o 47,92% celebráronse con homes en 2020 e o 46,06% en 2021 e entre eles, o colectivo de máis de 45 anos foi o máis empregado seguido do grupo de máis de 30 a 39 anos. No grupo de mulleres concertáronse o 53,94% dos contratos de relevo, e o tramo de >45 o que ten maior representación con 63 contratos en 2020 e 72 en 2021.

Segundo a duración, en 2021 o 36,61% foron por un período superior a 24 meses, e segundo a xornada o 69,29% foi a completa e o 30,71% a tempo parcial, experimentando esta última un lixeiro ascenso respecto de 2020.



Rompendo a tendencia doutros contratos, a parcialidade foi menor nas mulleres, representando un 29,20%, mentres que nos homes supuxo un 32,48%.

Cadro 7.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	6	9	12	12	25	1	6	17	9	31	128
Lugo	0	2	3	2	1	0	0	2	1	14	25
Ourense	0	0	1	4	2	0	0	0	1	7	15
Pontevedra	2	3	13	9	11	4	5	12	7	20	86
Galicia	8	14	29	27	39	5	11	31	18	72	254

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.



Cadro 7.23

Contratos de relevo. Por duración e provincias. Galicia. 2021

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 días	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeter-minada	
A Coruña	1	0	1	5	4	38	10	14	55	0	128
Lugo	0	0	0	0	3	15	1	2	4	0	25
Ourense	0	0	0	0	1	9	1	0	4	0	15
Pontevedra	1	1	1	4	4	23	10	12	30	0	86
Galicia	2	1	2	9	12	85	22	28	93	0	254

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Cadro 7.24

Contratos de relevo. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2021.

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	64	22	42	64	29	35	128	51	77
Lugo	8	3	5	17	4	13	25	7	18
Ourense	7	4	3	8	2	6	15	6	9
Pontevedra	38	9	29	48	5	43	86	14	72
Galicia	117	38	79	137	40	97	254	78	176

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Contratos de xubilación parcial concertáronse 738 en Galicia en 2020 e 860 en 2021. Do total, un 73,95% concertouse con homes e só un 26,05% con mulleres en 2021 e un 74,25% e un 25,75% en 2020. Esta diferenza esta explicada co atraso da muller no acceso ao mercado laboral e polo tanto tamén en acceder ás pensións de xubilación, diferenzas que xa comezaron a diminuír. Tanto nun grupo coma noutro, os dous anos o 100% concertouse con maiores de 45 anos.

Ao igual que no contrato anterior, un 69,30% celebrouse por un tempo superior a 24 meses.

Cadro 7.25

Contratos por xubilación parcial. Por sexo, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	263	0	0	0	0	91	354
Lugo	0	0	0	0	104	0	0	0	0	25	129
Ourense	0	0	0	0	40	0	0	0	0	10	50
Pontevedra	0	0	0	0	229	0	0	0	0	98	327
Galicia	0	0	0	0	636	0	0	0	0	224	860

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Cadro 7.26

Contratos por xubilación parcial. Por duración e provincias. Galicia. 2021

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12	>12 a <= 18	>18 a <= 24	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	2	0	0	0	0	8	10	30	255	49	354
Lugo	1	0	0	0	2	1	4	10	95	16	129
Ourense	2	0	0	0	1	2	1	7	30	7	50
Pontevedra	1	0	0	0	3	9	9	41	216	48	327
Galicia	6	0	0	0	6	20	24	88	596	120	860

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente

Neste grupo inclúense contratos de modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación tales como: artistas, servizo domestico, mercantís, contrato de traballo a domicilio, de grupo.

Estas contratacións son pouco representativas, supoñen 4.104 contratos en 2021 e 2.542 en 2020, e son os de duración igual ou inferior a 7 días (68,34%) os máis celebrados. Duplican os contratos celebrados con homes aos celebrados con mulleres e o 25,36% son do colectivo de 30 a 39 anos.

Cadro 7.27

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por sexo, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	118	158	333	332	1.010	118	195	334	69	219	2.886
Lugo	14	44	112	91	62	4	26	59	5	13	430
Ourense	19	8	18	9	25	9	4	9	2	9	112
Pontevedra	69	49	89	47	122	35	72	87	36	70	676
Galicia	220	259	552	479	1.219	166	297	489	112	311	4.104

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Cadro 7.28

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por duración e provincias. Galicia. 2021

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeter- minada	
A Coruña	2.569	14	25	13	36	69	2	12	3	143	2.886
Lugo	49	0	1	1	3	12	0	0	0	364	430
Ourense	34	0	0	0	0	71	0	0	1	6	112
Pontevedra	153	5	2	25	75	319	2	0	45	50	676
Galicia	2.805	19	28	39	114	471	4	12	49	563	4.104

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Cadro 7.29

**Outros contratos non contemplados anteriormente.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2021**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	1.951	244	1.707	935	182	753	2.886	426	2.460
Lugo	323	21	302	107	19	88	430	40	390
Ourense	79	13	66	33	14	19	112	27	85
Pontevedra	376	65	311	300	81	219	676	146	530
Galicia	2.729	343	2.386	1.375	296	1.079	4.104	639	3.465

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Mención á parte daremos aos contratos temporais de persoas con discapacidade, que son aqueles cunha duración entre 12 meses e 3 anos, con xornada completa ou parcial, para persoas discapacitadas.

Estes contratos supuxeron tan só 1.600 contratos. Deles o 62,06% en 2021 celebráronse con homes, deixando novamente ver a menor integración da muller no mercado laboral, mesmo cando existe algunha discapacidade.

O tramo de idade no que máis contratos asináronse foi o de >45 e tanto no grupo homes (464), como no de mulleres (261).

Tomando en conta a duración, foron os de 12 meses os que representaron o 98,82% en 2020 e o 98,12% en 2021 das celebracións e a xornada completa o 61,56% en 2021.


Cadro 7.30

Contratos temporais de persoas con discapacidade. Por sexo, idade e provincias. Galicia. 2021

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	20	21	81	77	183	13	25	42	36	76	574
Lugo	4	5	16	16	46	3	4	8	11	28	141
Ourense	8	12	18	14	52	3	5	11	14	23	160
Pontevedra	23	44	94	76	183	19	27	66	59	134	725
Galicia	55	82	209	183	464	38	61	127	120	261	1.600

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2021.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




Cadro 7.31

